

Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao 2021/2022

RESUMO EXECUTIVO

Observatorio de Persoas Tituladas

Universidade de Vigo



Consello Social
Universidade de Vigo

Edita

Consello Social – Universidade de Vigo

Dirección

Luis Espada Recarey
Profesor Emérito

Análise de datos

Víctor Manuel Martínez Cacharrón
Enxeñeiro Industrial

Colaboración

Natalia Caparrini Marín
Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Unidade de Análises e Programas (UAP)

Observatorio de Persoas Tituladas
Universidade de Vigo

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende
Edificio Fundación
36310 Vigo
Tlf: 986 812 192
Correo-e: observatorio.egresados@uvigo.gal
Páxina Web: <https://observatorio.uvigo.gal/>

Edición: Decembro de 2024

*Este documento é propiedade do Consello Social da UVigo.
Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu
título e ao Consello Social como editora.*

Índice

Introdución	3
Obxectivos.....	5
1. Obxectivo principal	5
2. Obxectivos específicos	5
Datos técnicos.....	7
Resultados.....	9
1. Datos persoais	9
1.1 Sexo	9
1.2 Lugar de residencia actual.....	9
2 Datos académicos.....	11
2.1 Ramas de coñecemento	11
2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo	11
2.1.2 Estudos de grao realizados segundo o sexo	11
2.2 Titulación adicional	12
2.2.1 Titulación adicional segundo a rama de coñecemento	12
2.2.2 Titulación adicional segundo os estudos de grao	12
2.3 Estudos de mestrado universitario	13
2.3.1 Estudos de mestrado universitario segundo a rama de coñecemento	13
2.3.2 Estudos de mestrado universitario segundo os estudos de grao	13
3. Situación actual.....	15
3.1 Situación do mercado de traballo	15
3.1.1 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia	15
3.1.2 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento	15
3.1.3 Situación do mercado de traballo segundo os estudos de grao	15
3.2 Cursa estudos universitarios	16
3.2.1 Tipo de estudos universitarios que cursa	16
3.3 Prepara oposicións.....	16
4. Procura de emprego.....	17
4.1 Tempo de procura de emprego	17
4.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento	17
4.1.2 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de grao	17
4.2 Tempo en atopar emprego	18
4.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento	18
4.2.2 Tempo en atopar emprego segundo os estudos de grao	18
5. Emprego actual	19
5.1 Lugar do traballo	19
5.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento	19

5.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de grao	19
5.2 Modalidade de contratación	20
5.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo	20
5.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento	20
5.2.3 Modalidade de contratación segundo os estudos de grao	20
5.3 Tipo de contrato	21
5.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo	21
5.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento	21
5.3.3 Tipo de contrato segundo os estudos de grao	21
5.4 Categoría profesional	22
5.4.1 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento	22
5.4.2 Categoría profesional segundo os estudos de grao	22
5.5 Ingresos	23
5.5.1 Ingresos segundo a rama de coñecemento	23
5.5.2 Ingresos segundo os estudos de grao	23
6. Valoración do traballo	25
6.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados	25
6.1.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados segundo a rama de coñecemento ...	25
6.1.2 Adecuación temática ao traballo segundo os estudos de grao	25
6.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo	26
6.2.1 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento	26
6.2.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo os estudos de grao	26
7. Satisfacción co itinerario académico	27
7.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2021/2022	27
7.1.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de grao realizados segundo a rama de coñecemento	27
7.1.2 Nivel de satisfacción cos estudos de grao realizados	27
7.2 Recomendaría os estudos de grao realizados na UVigo	28
7.2.1 Recomendaría os estudos de grao realizados na UVigo segundo a rama de coñecemento	28
7.2.2 Recomendaría os estudos de grao realizados na UVigo	28
BIBLIOGRAFÍA	29
ANEXOS	31
Anexo 1: Cuestionario aplicado	33
Anexo 2: Distribución das titulacións por rama de coñecemento	39
Anexo 3: Índice de cadros e figuras	40

Introdución

Desde a súa creación e posta en marcha polo Consello Social da Universidade de Vigo no ano 2016¹, o Observatorio de Persoas Tituladas realiza un seguimento periódico da inserción laboral da poboación titulada da UVigo. Nos estudos realizados son analizadas as valoracións dos antigos estudantes sobre a súa experiencia académica e profesional, achegando informacións da súa percepción relativamente á formación adquirida na universidade e sobre a súa situación laboral actual.

Nese labor de seguimento e de contacto coas persoas tituladas insírese a elaboración e realización periódica de informes de resultados dos estudos e enquisas encamiñadas ao antigo alumnado como o que se presenta nesta ocasión. O presente Resumo Executivo mostra os principais resultados do *Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Grao no curso 2021/2022*, realizado entre maio e xuño de 2024, a partir dunha enquisa autoaplicada á poboación titulada no curso académico 2021/2022.

A elaboración deste informe prodúcese ao abrigo do acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social de 25/4/2024 (ratificado polo acordo do Pleno de 12 de xuño de 2024) de aprobar a realización dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado na promoción de 2021/2022, solicitado pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade a pedido da Unidade de Análises e Programas (UAP) da UVigo.

Esta actividade dá continuidade ao estudo do seguimento da inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas, o que nesta ocasión foi posíbel grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade na fixación dun protocolo de obtención de consentimentos explícitos das promocións máis recentes de antigos estudantes.

O universo obxecto de estudo está constituído pola poboación universitaria titulada en estudos de grao no referido curso académico.

¹ Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

Obxectivos

1. Obxectivo principal

Obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao na promoción 2021/2022 e coñecer as condicións laborais no traballo actual.

2. Obxectivos específicos

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
 - Sexo
 - Idade
 - Lugar de residencia
 - Ramas de coñecemento
 - Titulacións
- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo a variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato, categoría profesional e ingresos.
- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo
 - Adecuación temática ao traballo
 - Adecuación das funcións ao traballo (sobrecualificación)
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de grao da UVigo no curso 2021/2022
 - Satisfacción global cos estudos de grao realizados
 - Recomendaría a realización dos estudos de grao escollidos
- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas tituladas, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo e a situación socio-laboral actual.

Datos técnicos

A poboación obxecto de estudo está constituída polas persoas tituladas en estudos oficiais de grao da UVigo durante o curso académico 2021/2022 e que acabaron a titulación aproximadamente vinte meses antes de realizar a enquisa.

A mostra recollida foi de 536 cuestionarios válidos. A marxe de erro máxima asociada á mostra obtida é de $\pm 3,788\%$ para un nivel de confianza de 95% ($p=q$).

O Cadro nº1 recolle o tamaño da poboación e a mostra empregada para a realización do estudo para cada unha das ramas de coñecemento.

Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso académico 2021/2022 segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades I	119	32
Artes e Humanidades II	126	43
Ciencias da Saúde	254	37
Científica	199	60
Tecnolóxica	589	136
Xurídico-Social I	369	50
Xurídico-Social II	230	36
Xurídico-Social III	640	123
Xurídico-Social IV	159	19
Total	2685	536

O Cadro nº2 reflicte a distribución porcentual da poboación e mostra avaliada segundo os estudos de grao.

Cadro 2. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de grao

	% Poboación	% Mostra
Administración e Dirección de Empresas	9,46	4,66
Belas Artes	3,61	4,85
Bioloxía	2,76	4,48
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,63	1,31
Ciencias Ambientais	1,27	2,05
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	3,05	1,87
Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,48	0,93
Ciencias do Mar	1,19	1,49
Comercio	1,56	1,12
Comunicación Audiovisual	1,56	1,68
Dereito	5,33	2,99
Dirección e Xestión Pública	0,67	0,75
Economía	1,45	1,87
Educación Infantil	7,82	7,65
Educación Primaria	7,82	6,34
Educación Social	2,53	2,61
Enfermaría	7,60	4,66
Enxeñaría Aeroespacial	1,90	4,66

Enxeñaría Agraria	0,30	0,37
Enxeñaría Biomédica	1,30	1,87
Enxeñaría da Enerxía	0,78	1,87
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	2,16	2,43
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,26	0,75
Enxeñaría Eléctrica	0,52	0,56
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	2,20	2,24
Enxeñaría en Organización Industrial	1,75	0,93
Enxeñaría en Química Industrial	0,63	0,93
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	1,64	1,31
Enxeñaría Forestal	0,86	1,87
Enxeñaría Informática	2,61	1,68
Enxeñaría Mecánica	4,95	3,54
Fisioterapia	1,86	2,24
Linguas Estranxeiras	1,08	2,05
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Dereito	2,01	2,43
PCEO Administración e Dirección de Empresas/Enxeñaría Informática	0,07	0,37
Publicidade e Relacións Públicas	3,69	1,68
Química	1,56	1,87
Relacións Laborais e Recursos Humanos	1,82	2,24
Traballo Social	2,61	4,48
Tradución e Interpretación	3,13	5,04
Turismo	0,67	0,19
Xeografía e Historia	0,82	1,12

No Anexo 2 deste documento pódense consultar as titulacións de grao correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento: Artes e Humanidades (I e II), Ciencias da Saúde, Científica, Tecnolóxica e Xurídico-Social (I, II, III e IV).

O cuestionario usado no presente estudo foi similar ao empregado nos precedentes sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de grao nos cursos 2018/2019, 2019/2020 e 2020/2021. Todos os ítems incluídos no cuestionario pódense consultar no Anexo 1.

O cuestionario foi enviado a partir dunha lista de correos electrónicos ás persoas tituladas no curso 2021/2022 que previamente deran o seu consentimento explícito a formar parte da Base de Datos do Observatorio. A captación de datos realizouse a través dun formulario on line aloxado na Web do Observatorio. Os inquiridos foron informados do obxectivo do estudo e demostraron vontade expresa de participar. O traballo de campo desenvolveuse entre o 6 de maio e o 25 de xuño de 2024.

Resultados

Esta parte presenta os principais resultados obtidos da enquisa de inserción laboral realizada á poboación de persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso académico 2021/2022.

1. Datos persoais


Este apartado mostra os principais resultados sobre o sexo e lugar de residencia da poboación titulada en estudos oficiais de grao da UVigo no curso 2021/2022 na altura de responder a enquisa.

1.1 Sexo

A mostra avaliada é paritaria, cunha presenza feminina (59,5%) superior á masculina (40,5%).

Figura 1. Sexo das persoas tituladas

■ Muller ■ Home




Creado con Datawrapper

1.2 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (84,1%) reside actualmente en Galicia contra outras comunidades autónomas (12,9%) e o resto do mundo (3,0%).

Figura 2. Lugar de residencia



Creado con Datawrapper


- > Lugar de residencia en Galicia por provincias [[Visualizar mapa](#)]
- > Lugar de residencia en Galicia por concellos [[Visualizar mapa](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas [[Visualizar mapa](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas por provincias [[Visualizar mapa](#)]
- > Lugar de residencia no resto do mundo por países [[Visualizar mapa](#)]

2 Datos académicos

2.1 Ramas de coñecemento

Predominan as persoas tituladas en estudos de grao nas ramas Xurídico-Social (42,4%) e Tecnolóxica (25,4%), seguidas por Artes e Humanidades (14,0%), Científica (11,2%) e en Ciencias da Saúde (6,9%).


Figura 3. Ramas de coñecemento



2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo

Salvo na rama Tecnolóxica, cunha sobrerrepresentación masculina de 76,5%, a porcentaxe de mulleres supera o 75% en Artes e Humanidades II (86,0%), Xurídico-Social III (82,9%) e en Ciencias da Saúde (75,7%).

Figura 4. Rama de coñecemento segundo o sexo



2.1.2 Estudos de grao realizados segundo o sexo [\[Visualizar datos\]](#)

2.2 Titulación adicional

Alén dos estudos de grao polos que foron inquiridos, o 3,2% dos graduados/as no curso 2021/2022 referiu ter realizado outra titulación universitaria de grao ou de ciclos extinguidos², sen mostrar diferenzas estatisticamente significativas por sexo ($p\text{-valor}>0,05$).

Figura 5. Titulación adicional




Creado con Datawrapper

2.2.1 Titulación adicional segundo a rama de coñecemento

As ramas de Artes e Humanidades II (7,0%) e Xurídico-Social II (5,6%) presentan máis frecuencia de graduados/as cunha titulación adicional, contra a nula en Artes e Humanidades I, Ciencias da Saúde, Científica e Xurídico-Social II.

Figura 6. Titulación adicional segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

2.2.2 Titulación adicional segundo os estudos de grao [[Visualizar datos](#)]

² Outro grao (52,9%), enxeñaría técnica (23,5%), licenciatura e diplomatura (11,8% ambas)

2.3 Estudos de mestrado universitario

Catro en cada dez graduados/as (40,5%) realizou un mestrado universitario, máis graduados (42,4%) que graduadas (39,2%).

Figura 7. Estudos de mestrado universitario




Creado con Datawrapper

2.3.1 Estudos de mestrado universitario segundo a rama de coñecemento

Realizou estudos de mestrado a maioría de graduados/as en Artes e Humanidades II (69,8%), Artes e Humanidades I (56,3%) e Científica (51,7%) contra o mínimo en Ciencias da Saúde (8,1%).

Figura 8. Estudos de mestrado segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

2.3.2 Estudos de mestrado universitario segundo os estudos de grao [[Visualizar datos](#)]

3. Situación actual

Situación das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2021/2022 na altura de responder a enquisa: mercado de traballo, estudan e/ou preparan oposicións.

3.1 Situación do mercado de traballo

O 68,8% de persoas tituladas no curso 2021/2022 traballaba na altura de responder a enquisa, o 11,4% procuraba emprego e o restante 19,8% estaba na inactividade.

Figura 9. Situación do mercado de traballo actual




Creado con Datawrapper

3.1.1 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia

A taxa de ocupación oscila entre a mínima de Galicia (66,7%) e máxima de 81,3% no estranxeiro.

Figura 10. Situación do mercado de traballo actual segundo o lugar de residencia




Creado con Datawrapper

3.1.2 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación é máis alta nas ramas de Ciencias da Saúde (97,3%) e Tecnolóxica (86,0%) que en Artes e Humanidades I (46,9%) e Xurídico-Social III (55,3%).

Figura 11. Situación do mercado de traballo actual segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

3.1.3 Situación do mercado de traballo segundo os estudos de grao [\[Visualizar datos\]](#)

> Situación do mercado de traballo segundo os estudos de grao por campus [\[Visualizar datos\]](#)

3.2 Cursa estudos universitarios

O 15,5% de graduados/as durante o curso 2021/2022 estudaba na altura de responder a enquisa, máis homes (18,4%) que mulleres (13,5%).

Figura 12. Continúa estudos universitarios



Creado con Datawrapper

3.2.1 Tipo de estudos universitarios que cursa

A maioría (68,4%) de graduados/as que estaba a estudar na altura de responder a enquisa cursaba estudos de mestrado, 25,3% de doutoramento e 6,3% outro grao.

Figura 13. Tipo de estudos universitarios que cursa




Creado con Datawrapper

3.3 Prepara oposicións

O 12,3% de persoas graduadas (15,4% de mulleres e 7,8% de homes) preparaba oposicións na altura de responder a enquisa.

Figura 14. Prepara oposicións



Creado con Datawrapper

4. Procura de emprego

Este apartado aborda dúas cuestións sobre a procura de emprego: o tempo de procura de traballo das persoas desempregadas na altura de responder a enquisa e o tempo en atopar emprego logo de graduarse na UVigo no curso 2021/2022.

4.1 Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego é de 9,04 meses, maior en homes (11,58) que en mulleres (8,34).

Figura 15. Tempo de procura de emprego (meses)




Creado con Datawrapper

4.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

A permanencia no desemprego supera un ano nas persoas tituladas en estudos das ramas Xurídico-Social II e Científica contra a mínima na Tecnolóxica (5,00 meses), Xurídico-Social I (6,00 meses) e IV (6,63 meses).

Figura 16. Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento (meses)



Creado con Datawrapper

4.1.2 Tempo de procura de emprego segundo os estudos de grao [\[Visualizar datos\]](#)

4.2 Tempo en atopar emprego

O tempo medio (en meses) transcorrido desde a finalización dos estudos de grao no curso 2021/2022 até atopar emprego³ foi de 5,39 meses, superando o feminino ao masculino.

Figura 17. Tempo en atopar emprego (meses)



Creado con Datawrapper

4.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento

Os graduados/as que menos demoraron en atopar emprego realizaron estudos na rama de Ciencias da Saúde (1,54 meses), Xurídico-Social I (4,32 meses) e Tecnolóxica (4,40 meses) contra a Xurídico-Social IV (10,06 meses) e Científica (7,60 meses).

Figura 18. Tempo en encontrar emprego segundo a rama de coñecemento (meses)



Creado con Datawrapper

4.2.2 Tempo en atopar emprego segundo os estudos de grao [[Visualizar datos](#)]

³ Considerando cero meses o tempo en arranxar emprego dos titulados/as que xa traballaban ao completar o grao: 28,6% da mostra avaliada, máis homes (33,7%) que mulleres (24,9%).


5. Emprego actual

Este apartado avalía as características do traballo actual das persoas graduadas no curso 2021/2022 e, especificamente, no tocante a variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato, categoría profesional e ingresos.

5.1 Lugar do traballo

A maioría (77,9%) traballa en Galicia, seguido por outra comunidade autónoma (18,3%) e estranxeiro (3,8%). A emigración afecta menos a mulleres (19,4%) que homes (25,6%).

Figura 19. Lugar do traballo




Creado con Datawrapper

- > Lugar do traballo en Galicia por provincias [\[Visualizar mapa\]](#)
- > Lugar do traballo en Galicia por concellos [\[Visualizar mapa\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas [\[Visualizar mapa\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas por provincias [\[Visualizar mapa\]](#)
- > Lugar do traballo no resto do mundo por países [\[Visualizar mapa\]](#)

5.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

O emprego en Galicia flutúa entre o 90,0% na Xurídico-Social II e 69,0% en Artes e Humanidades II.

Figura 20. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

5.1.2 Lugar do traballo segundo os estudos de grao [\[Visualizar datos\]](#)

5.2 Modalidade de contratación

A maioría esmagadora de graduados/as (95,4%) traballa por conta allea⁴, traballando máis mulleres (6,4%) por conta propia⁵ que homes (2,4%).

Figura 21. Modalidade de contratación




Creado con Datawrapper

5.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

O emprego por conta propia é máis frecuente en Galicia (5,3%) que noutras comunidades autónomas (1,5%) e nulo no estranxeiro.

Figura 22. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

5.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento

O emprego por conta propia é significativo en Artes e Humanidades I (40,0%), seguido por Artes e Humanidades II (14,3%) e inexistente nas ramas Científica e Xurídico-Social I.

Figura 23. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

5.2.3 Modalidade de contratación segundo os estudos de grao [\[Visualizar datos\]](#)


⁴ Taxa de asalarización: Antigos estudantes que traballan como asalariados para outra persoa, empresa ou institución.

⁵ Taxa de emprendemento: Antigos estudantes que traballan no réxime especial de traballadores autónomos ou como empresarios/as (titulares dunha empresa).

5.3 Tipo de contrato

Predomina a estabilidade laboral (58,7%), sendo maior en homes (64,2%) que en mulleres (53,9%).

Figura 24. Tipo de contrato




Creado con Datawrapper

5.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

A estabilidade laboral é maioritaria nas áreas xeográficas avaliadas, sendo máis frecuente en Galicia (59,7%) que noutras comunidades autónomas (55,9%).

Figura 25. Tipo de contrato segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

5.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

A eventualidade laboral é maioritaria nas ramas Xurídico-Social IV (66,7%), Ciencias da Saúde (57,6%), Científica (51,5%) e Xurídico-Social III (50,9%).

Figura 26. Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

5.3.3 Tipo de contrato segundo os estudos de grao [[Visualizar datos](#)]

5.4 Categoría profesional

O 86,9% de graduados/as desenvolven no seu traballo funcións de nivel universitario⁶ (93,3% de homes contra 81,7% de mulleres), exercendo responsabilidades sobre outras persoas o 11,2% (13,4% de mulleres contra 8,5% de homes).

Figura 27. Categoría profesional




Creado con Datawrapper

5.4.1 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento

As funcións de nivel universitario son máis frecuentes nas ramas Tecnolóxica (95,7%), Ciencias da Saúde (91,7%) e Científica (91,2%) que en Artes e Humanidades II (65,5%) e Xurídico-Social IV (71,4%). A responsabilidade sobre outras persoas é maior nos graduados/as en Artes e Humanidades I (30,8%), Xurídico-Social II (20,0%), IV (14,3%) e I (13,9%) contra o mínimo en Artes e Humanidades II (6,9%) e Ciencias da Saúde (8,3%).

Figura 28. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

5.4.2 Categoría profesional segundo os estudos de grao [[Visualizar datos](#)]

> Categoría profesional segundo os estudos de grao por sexo [[Visualizar datos](#)]

⁶ Categoría profesional de directivos/as, mandos intermedios ou técnicos/as cualificados/as

5.5 Ingresos

Case dúas terceiras partes (63,9%) dos graduados/as reciben uns ingresos netos mensais entre 1001 e 2000€, un de cada cinco (23,7%) menos de 1000€ e o 12,4% superiores a 2000€. O ingreso mediano⁷ das persoas graduadas que traballan é de 1349,18€, cunha fenda salarial feminina de 12,18% (175,83€).

Figura 29. Ingresos netos mensais (€)



Creado con Datawrapper

5.5.1 Ingresos segundo a rama de coñecemento

Reciben menos de 1000€ mensais parte considerábel de graduados/as en Artes e Humanidades I (46,2%) e II (42,9%) e Xurídico-Social III (42,4%), ben como máis dun terzo na Xurídico-Social IV (38,5%). Polo contrario, superan os 2000€ mensais unha parte notábel de graduados/as en Ciencias da Saúde (31,4%), seguidas pola Tecnolóxica (19,3%) e Xurídico-Social I (13,9%).

O ingreso mediano⁸ oscila entre o máximo na Tecnolóxica (1628,40€) e Ciencias da Saúde (1594,56€) e o mínimo en Artes e Humanidades I (1050,90€) e Xurídico-Social III (1109,48€).

Figura 30. Ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento (€)



Creado con Datawrapper

5.5.2 Ingresos segundo os estudos de grao [[Visualizar datos](#)]

⁷ Ingreso medio: 1399,80€ (1516,81€ homes e 1304,82€ mulleres).

⁸ Ingreso medio: Artes e Humanidades I (992,69€), Artes e Humanidades II (1157,57€), Ciencias da Saúde (1681,56€), Científica (1298,89€), Tecnolóxica (1636,11€), Xurídico-Social I (1501,88€), Xurídico-Social II (1236,00€), Xurídico-Social III (1129,21€) e Xurídico-Social IV (1108,15€).


6. Valoración do traballo

Neste apartado as persoas graduadas inquiridas que traballan realizaron unha valoración do seu actual emprego en función da relación entre o posto de traballo e os estudos realizados (adequación temática ao traballo) e a relación existente entre as exixencias das funcións profesionais desenvolvidas e o nivel académico adquirido na UVigo (adequación das funcións ao traballo).

6.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados

Para unha maioría de 75,1% o actual posto de traballo está relacionado cos contidos específicos dos estudos de grao realizados na UVigo no curso 2021/2022. Polo contrario, para o 8,7% non existe calquera relación entre o emprego actual e os estudos realizados.

Figura 31. Adequación temática ao traballo




Creado con Datawrapper

6.1.1 Relación entre o traballo actual e os estudos realizados segundo a rama de coñecemento

A adecuación temática do emprego actual é total en Ciencias da Saúde, seguida pola Xurídico-Social I (86,1%), Tecnolóxica (80,3%) e Xurídico-Social II (80,0%).

Figura 32. Adequación temática ao traballo segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper


6.1.2 Adequación temática ao traballo segundo os estudos de grao [\[Visualizar datos\]](#)

> Adequación temática ao traballo segundo os estudos de grao por sexo [\[Visualizar datos\]](#)

6.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo

A sobrecualificación⁹ das persoas graduadas no curso 2021/2022 é do 27,6%, afectando máis a mulleres (32,7%) que homes (21,3%).

Figura 33. Adecuación das funcións ao traballo




Creado con Datawrapper

6.2.1 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento

A sobrecualificación apenas é maioritaria en Artes e Humanidades I (53,8%), seguida pola Xurídico-Social III (43,6%), Artes e Humanidades II (44,8%) e Xurídico-Social IV (42,9%) contra a mínima de 2,8% en Ciencias da Saúde e 15,0% na Xurídico-Social II.

Figura 34. Adecuación das funcións ao traballo segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

6.2.2 Relación entre o traballo actual e o nivel académico adquirido na UVigo segundo os estudos de grao [\[Visualizar datos\]](#)

⁹ As exixencias profesionais do emprego actual son inferiores ao nivel académico adquirido na UVigo.

7. Satisfacción co itinerario académico

